LECER
NOCTURNO
ALTERNATIVO
PARA A MOCIDADE

Noites Alternas

22/09 — 02/12

XOVES + VENRES
ALTERNOS
Actividades de balde

PROGRAMACIÓN
E INSCRICIÓNS

Itaca.gal
noitesalternas@itaca.gal
NoitesAlternasCompostela

INSCRICIÓNS

As inscricións faranse semanalmente enchendo o formulario en liña dispoñible en **itaca.gal** e nas redes sociais (luns ás 9h). Prazas reducidas e asignadas por rigorosa orde de inscrición.

LUGARES

Asociación Cultural e Xuvenil Itaca
Rúa do Pombal 18, baixo
As Brañas de Andrés | Rúa Vista Alegre 9-11
Centro Xove da Almáciga
Rúa Proxecto Vagalume 2
-detrás do CEIP Apóstolo Santiago
CircoNove | Rúa das Cancelas, 125
Pavillón Lorenzo de la Torre
Rúa dos Cornos, 2 -detrás da Facultade de Ciencias Económicas

PROGRAMACIÓN E INSCRICIÓNS

Itaca.gal
noitesalternas@itaca.gal
NoitesAlternasCompostela

ITACA!

LANDOBELA

CONCELLO DE SANTIAGO

setembro

Noites Alternas

Noites Alternas

XOVES 22 DE SETEMBRO

OBRADOIRO
Iniciación á percusión afrobrasileira, con Latexo Percusión
20h30 | Centro Xove da Almáciga

Non precisas instrumento nin experiencia. Ven gozar con nós e comezar o outono a tope de ritmo!

TEATRO
"#consentido", con Oístes? Teatro
Dous pases: ás 20h30 e ás 21h50 | Un lugar secreto preto da Biblioteca Ánxel Casal

Ata onde nos pode levar un "Si"? e un "Non"?
Nesta experiencia inmersiva, converteraste en protagonista da acción nunha festa de estrea de piso. Poderás festexar, explorar (tanto o espazo coma os teus límites) e coñecer a relación entre un amigo teu e a súa nova e misteriosa compañeira.
Ven e goza, #consentido.

OBRADOIRO
Tinxido con plantas e pigmentos naturais, coa Cooperativa Somos Terra
De 20h30 a 22h30 | Itaca

Aprenderás a empregar raíces, talos, follas e flores, introducindo directamente o pigmento e a forma que teñen no téxtil.
Investigaremos esta técnica "ecoprint" desde a práctica, e crearás o teu propio traballo de estampación de forma personalizada.

Noites Alternas

VENRES 23 DE SETEMBRO

ROTEIRO
"Unha noite con morcegos",
coa Asociación Morcegos de Galicia
20h30 | Saída desde o aparcadoiro de Belvís

Paseo nocturno con detectores de ultrasóns para poder escoitar aos morcegos que viven en Santiago.

OBRADOIRO DE COCIÑA
"A volta ao mundo en 6 obradoiros: América do Norte", con Tareixa Martínez.
De 20h30 a 23h. | As Brañas de Andrés

Seremos unha especie de Willy Foggs gastronómicos. Percorreremos o mundo facendo unha parada en cada continente. Adicaremos un obradoiro a cada un deles, descubrindo os pratos máis salientables, novos sabores e aromas.

Nesta ocasión, percorreremos Canadá, Estados Unidos e México cociñando eses pratos que tantas veces vimos nas series e películas como o apple pie, o corndog, os macaroni and cheese ou as enchiladas. Descubriremos tamén cal é o prato nacional das Bermudas e falaremos sobre a gastronomía de Groenlandia.

OBRADOIRO DE CIRCO
Piruete"ando": piruetas na ximnasia e trampolín, coa Asociación CircoNove
De 20h30 a 22h. | Nave de CircoNove

Controla teu corpo, prepárao para o salto e a pirueta: tumbling, cama elástica e minitrump, os teus mellores aliados.

Mike Gómez, docente en Circonove, achégache ao mundo das acrobacias. Que ninguén te pare!

outubro

Noites Alternas

Noites Alternas

XOVES 6 DE OUTUBRO

OBRADOIRO
PODCAST, con Laura Tomala
De 20h30 a 22h. | Centro Xove da Almáciga

Dá voz ás túas ideas. Se queres saber máis sobre este formato, non perdas este obradoiro e aprenderás a producir, guionizar, liderar, editar e distribuír o teu propio podcast.

OBRADOIRO
Cosmética natural con plantas medicinais do noso entorno, con Devagar
De 20h30 a 22h30 | Itaca

Obradoiro de introdución á cosmética natural e consciente: aprenderemos a identificar herbas do noso entorno que podemos elaborar como ingredientes cosméticos e a preparar a crema máis natural do mundo!

Noites Alternas

VENRES 7 DE OUTUBRO

OBRADOIRO DE COCIÑA
"A volta ao mundo en 6 obradoiros: América do Sur", con Tareixa Martínez
De 20h30 a 23h. | As Brañas de Andrés

Faremos a nosa particular ruta gastro-quetzal saboreando receitas do "novo mundo" como as empanadas arxentinas, as arepas venezolanas, a sopa guaraní ou a causa limeña.

QUIDDITCH
Ven descubrir o Quidditch (agora Quadball), coa Asociación Lumos Compostela
De 20h30 a 22h30 | Pavillón Lorenzo de la Torre

Queres probar este deporte máxico e sentirte coma Harry Potter por unha noite? Para a actividade só precisas roupa cómoda, calzado axeitado e moitas ganas de pasalo ben! Aprenderemos as normas básicas e faremos algúns partidos. Vas perder a oportunidade de loitar por Slytherin?

ROTEIRO
"Edificios baleirados de Compostela", con Clara Torrens e Borja Etxeberría
De 20h30 a 22h | saída desde a Praza do Matadoiro

Acompáñanos no roteiro pola zona antigua de Compostela para coñecer a historia e o porvir dos edificios baleirados, poñendo en práctica o teu ARTivismo e reivindicando o uso destes espazos para a veciñanza.

Noites Alternas

XOVES 20 DE OUTUBRO

OBRADOIRO DE RECICLAXE TÉXTIL:
“De paraugas a bolsa reutizable”, con O faiado de Nin.
De 20h30 a 22h30 | Itaca

Dálle unha segunda vida aos paraugas rotos ou en desuso e transfórmaos nunha bolsa para ir ao mercado, a clase ou para levar na mochila no caso de que xurda unha compra imprevista.

Actividade sinxela, creativa e divertida. Ti trae as ganas que nós poñemos os paraugas (se tés algún por casa tamén podes traelo).

XOGO DE RÚA
“Pedra viva”, con Xandobela (actividade do proxecto “Xogando co patrimonio” subvencionado pola Deputación da Coruña)
De 20h30 a 22h30 | saída desde a Praza da Quintana

Xogo de descuberta de Compostela combinado cunha trepidante xincana fotográfica.

Noites Alternas

VENRES 21 DE OUTUBRO

OBRADOIRO DE COCIÑA
"A volta ao mundo en 6 obradoiros: Europa", con Tareixa Martínez
De 20h30 a 23h. | As Brañas de Andrés

Achegarémonos aos pratos máis relevantes de diferentes países do "vello continente" como os pasteis de bacallau portugueses, os dranikis bielorrusos ou a spanakopita grega.

XOGO DE FUGA
"A viaxe, cando escapar non é un xogo", con ACPP Galicia
De 20h30 a 22h30 | Itaca

Chegaron a nós catro caixas que pertencen a catro persoas distintas que, por diversos motivos, intentaron cambiar de vida e deixaron testemuño da súa viaxe. Pero deixárono dunha maneira peculiar, de maneira que só quen realmente teña interese pola súa historia poderá descubrila e entender as causas de cada viaxe. Así, a través do xogo, iredes descubrindo quen, como e porque fixo a viaxe. O xogo é, en si mesmo, tamén unha viaxe para quen pois convida á reflexión e a rachar con prexuízos. Anímaste a viaxar con nós?

ROTEIRO
A revolta do 'Día da ira', con Pablo Domínguez Loidi
De 20h30 a 22h | saída desde a Paza do Toural

Un roteiro pola Compostela máis rebelde. No século XIV o pérfido Berenguel de Landoira quixo conquistar Compostela, mais o pobo tiña outro plan...

novembro

Noites Alternas

Noites Alternas

DURANTE O MES DE NOVEMBRO

XOGO AUTÓNOMO
"Busca e rebusca. A Compostela literaria", con Xandobela (actividade do proxecto "Xogando co patrimonio" subvencionado pola Deputación da Coruña)

Durante o mes de novembro poderás atopar na rúa pequenos retos, pesquisas e minixogos en forma de QR's. Cantos máis atopes, máis pistas xuntarás para resolver o enigma final sobre a Compostela literaria. Busca e rebusca!

Noites Alternas

XOVES 3 DE NOVEMBRO

ESGRIMA HISTÓRICA, con Aldán López
De 20h30 a 22h30 | Centro Xove da Almáciga

Soñaches algunha vez con manexar unha espada? Gozas das películas medievais? Pois nesta actividade vas poder descubrir como era o uso da espada durante a idade media! Descubrir como e porque usaban esta ferramenta! Aprender a loitar como fan en Xogo de Tronos, O señor dos aneis ou en The Witcher. Animaste?

OBRADOIRO
"Botanic Collage", con Colectivo Loairas
De 20h30 a 23h | Itaca

Sempre nos dixeron que eramos animais racionais, pero... que pasaría se pasamos a pensar que en realidade somos como plantas que andan,coma árbores que pensan, comar ríos creativos ou coma luces que aloumiñan ao camiñar? Pois se queres averiguar toda a vida que levas por dentro a través da reconexión coa natureza e o collage con materias vivas da terra, este é o teu obradoiro!

Noites Alternas

VENRES 4 DE NOVEMBRO

OBRADOIRO DE COCIÑA
"A volta ao mundo en 6 obradoiros: África", con Tareixa Martínez
De 20h30 a 23h. | As Brañas de Andrés

Adentrarémonos neste esquecido continente e na súa gastronomía cociñando guisos típicos como o maafe, o matooke ou guarnicións como o irio, o fufu ou o injera. Pratos de Gambia, Uganda, Senegal, Kenya...

OBRADOIRO DE RECICLAXE TÉXTIL:
"As 7 vidas dun xersei", con O faiado de Nin
De 20h30 a 22h30 | Itaca

Que podemos facer cun xersei? Pois podemos transformalo en puchos, mitóns, orelleiras, manoplas, quentadores, fundas... todo isto dunha maneira sinxela e ao alcance de calquera.
Trae un ou varios xerseis vellos e dálle unha segunda vida podendo levar para casa todo un lote de complementos para espantar o frío este inverno.

TEATRO
"Patio sen luces" (que hai que aforrar...!), con Mediogüevo
20h30 | Centro Xove da Almáciga

Pero non en enxeño, bo humor e esperpento a cachón!

Noites Alternas

XOVES 17 DE NOVEMBRO

EXPERIENCIA INMERSIVA
Experiencia inmersiva nunha fraga galega,
con Pegadas culturais
20h30 | Centro Xove da Almáciga

Queres coñecer os segredos que esconde unha fraga en plena noite? Nesta experiencia inmersiva poderás descubrir cada un deles.

OBRADOIRO
"Aderezos con resina epoxy", con Sisel
De 20h30 a 23h. | Itaca

A resina epoxy é un material versátil, sinxelo de aplicar e moi divertido. Deixa voar a túa imaxinación creando, un chaveiro, uns pendientes ou colgantes. E podes incluír cousas persoais que desexes que perduren no tempo: unha flor, un obxecto pequeno...

Noites Alternas

VENRES 18 DE NOVEMBRO

OBRADOIRO DE COCIÑA
"A volta ao mundo en 6 obradoiros: Asia", con Tareixa Martínez
De 20h30 a 23h. | As Brañas de Andrés

Percorreremos este gran continente e degustaremos os pratos máis emblemáticos da cociña fradicional chinesa, hindú, vietnamita, xaponesa, tailandesa ou libanesa.

ROTEIRO
"Compostela da II República, golpe de Estado e da represión fascista", con Miguel Paz
20h30 | saída desde o Palco da Alameda

Camiñar pola Compostela dos anos 30, polas súas rúas, polos seus bares, polos seus locais sociais, políticos e sindicais é zambullirse na Compostela da república e da democracia nacente. Fernando Barcia Veiras, que organizou a resistencia republicana na nosa cidade durante os escuros días do golpe de Estado de 1936, fará de guía para coñecer as cores, os sons, e os sabores daquela cidade alegre que era a Compostela republicana. Este largocaballerista tamén nos levará polos nomes das vítimas, que coma el, sufriron agochamento, cárcere e morte, e tamén dos vitimarios e arribistas da barbarie fascista, para coñecer o que nunca máis debe acontecer.

NARRACIÓN ORAL
"Donas do lugar", con María da Pontragha
20h30 | Centro Xove da Almáciga | 60'

A través da historia de varias mulleres coñeceremos as pequenas revoltas que se deron nas súas vidas e que cambiaron o camiño das donas nas aldeas. Historias duras e bonitas, cheas de humor que nos deixan con gana de seguir dando a batalla.

decembro

Noites Alternas

Noites Alternas

XOVES 1 DE DECEMBRO

OBRADOIRO
“Bailar a canda os tempos”,
con Carme Campo e Chus Caramés
De 20h30 a 22h | Centro Xove da Almáciga

Coñeceremos cales son as dinámicas e códigos do noso baile tradicional, e aprenderemos un feixiño de pasos que serán fonte inesgotable de bailas coas que continuar a mantelo vivo nos tempos das mil e unha foliadas.

*Orientado á xente iniciada no baile tradicional.

OBRADOIRO
“Cosendo madeira”, con Tocamadera
De 20h30 a 22h30 | Itaca

Como transformar unha peza de madeira nun caderno bordado.

Noites Alternas

VENRES 2 DE DECEMBRO

OBRADOIRO DE COCIÑA
"A volta ao mundo en 6 obradoiros: Oceanía", con Tareixa Martínez
De 20h30 a 23h. | As Brañas de Andrés

Descubriremos a cultura gastronómica das diferentes illas como Nova Zelanda, Papúa, Tahití, a Polinesia e Australia pero sen cociñar canguro, crocodilo ou tartaruga.

XOGO DE PISTAS
"Enigmas de Compostela: o misterio do peregrino francés", con Destino Noroeste e O faiado de Nin
20h30 | Itaca e rúas de Compostela

O clérigo francés Aymeric Picaud trae a Compostela o Códice Calixtino peregrinando desde Francia, xunto con Gil¬berga de Flandes (muller peregrina). Ao chegares á cidade desaparece misteriosamente xunto co libro. Axúdaslle a atopalos?

XOGOS DE MESA, con Asociación 6D6
De 20h30 a 00h | Centro Xove da Almáciga

Apúntate a unha noite chea de partidas! Poderás descubrir clásicos dos xogos de mesa, rol e estratexia, e xuntarte coa túa xente a botar unhas partidas nunha das mesas dispoñibles. Nós poñemos o espazo, algúns xogos e algo para petiscar. Ti as gañas de xogar.

Noites Alternas

22/09 — 02/12

XOVES + VENRES
ALTERNOS
Actividades de balde

Itaca.gal
noitesalternas@itaca.gal
NoitesAlternasCompostela

ITACA!

LANDOBELA

CONCELLO DE SANTIAGO